



Un xeito de acceso aos servizos é a través dos buscadores existentes na opción “Servizos”-“Buscar servizos”, permitindo ao usuario localizar os servizos por un texto libre ou establecendo diferentes parámetros para a busca:

1. **Busca sinxela**, a partir dun texto introducido polo usuario que describe o servizo a buscar.
2. **Busca avanzada**, permitindo ao usuario a localización do servizo en base á súa temática, tipo, colectivo ou audiencia ao que vai dirixido, ámbito xeográfico etc...

Tamén se pode acceder a información dun servizo a través dos buscadores por texto con carácter predictivo que se atopan na **portada do portal** e na **sección de Meu Eido**

Busca avanzada

Nome	Convencio e Admon	Tipo de servizo	Modalidade solicitude
Infoneg (sistema de información de rexión do rexistro civil)	Xestión		
Oficina da rede 060		Interoperabilidade	Correo electrónico, Presencial, Fax
Rede SARA		Interoperabilidade	En liña, Presencial, Correo electrónico

Tipos de clasificacións dun servizo :

1. **Temas:** temática do servizo.
2. **Tipo de contido :** Servizos
3. **Colectivos:** colectivos aos que lles pode resultar de interese o servizo.
4. **Organizacións:** Organismos que son os provedores e/ou responsables do servizo.
5. **Ámbitos xeográficos:** ámbito xeográfico no que é de aplicación o servizo.
6. **Tipo de servizo:** de comunicación, sistemas informáticos básicos eAdministración, aplicacións e servizos finais, interoperabilidade ou de soporte técnico e asesoramento.
7. **Modalidade de solicitude do servizo:** En liña, presencial, fax, correo electrónico e teléfono.
8. **Data de publicación do servizo** no catálogo

Ademais de poder introducir texto no campo predictivo (1) é posible usar as **listas de selección múltiple** para afinar a busca (2):

- ✓ A lista correspondente a cada unha das clasificacións pode conter subopcións (+) que se poden despregar e/ou contraer.
- ✓ Unha vez despregada a lista correspondente a calquera das clasificacións, e mediante a pulsación sobre unha ou varias das opcións da mesma, é posible buscar por un ou varios elementos á vez.
- ✓ Unha vez seleccionado/s o/s parámetro/s da busca na lista, deberase premer fóra da lista para finalizar a selección.

Premendo no botón **buscar (3)** despregaranse os resultados .

Premendo sobre o **servizo desexado (4)** accederase directamente á **ficha do mesmo**.